



CONCELLO DE VIGO
DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente 69/142

Asunto: Remisión de información para anexar ao Orzamento da Entidade

Dirixido a: Fundacións dependentes do Concello de Vigo, que forman parte do Grupo Concello de Vigo por estar incluídas no perímetro de consolidación.

Fundacións incluídas: MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI

Como se fixo constar no expediente 104/143, no que se relacionaban os prazos de remisión de información para a formación dos orzamentos, por imperativo legal é obrigatorio que os orzamentos das Fundacións que forman parte do Grupo de Consolidación do Concello de Vigo, figuren como anexo aos da Entidade Local, estando suxeitos aos límites aplicables en relación coas regras fiscais de gastos que encarna a Estabilidade Orzamentaria e a Regra de gasto.

INFORMACIÓN A SUBMINISTRAR AO CONCELLO PARA A SÚA INCORPORACIÓN AO ORZAMENTO.

a) Marco orzamentario de medio prazo.

No que se enmarcará a elaboración dos Orzamentos anuais, de conformidade co artigo 6 da Orde 2105/2012.

Esta información deberá reflectir unha previsión da Liquidación do orzamento do ano (n) e unha previsión orzamentaria dos anos (n+1, n+2 e n+3).

Deberá estar a disposición da Entidade, con data límite a última semana de febreiro, sendo o prazo de remisión de toda a información consolidada pola Entidade Matriz o 15 de marzo.

Esta información foi incluída na remisión que se remitiu ao Ministerio de Facenda (MINHAC), tomando como base a Liquidación do ano 2019 e aplicando sobre a mesma a Taxa de Referencia de Crecemento do Produto Interior Bruto da Economía Española a medio prazo aprobada e publicada para o ano 2020 (TRCPIB), 2,9%

b) Liñas fundamentais do orzamento.

En cumprimento do previsto no art. 15.1 da Orde HAP/2105/2012, esta información conterá o proxecto de orzamento do ano (n+1). Estará a disposición da Entidade matriz con data límite do 1 de setembro do ano (n). O prazo para a Entidade matriz de aprobación, consolidación e remisión é do 15 de setembro do ano (n).

Normas para a formación do orzamento do ano 2020 1



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2020 10:38	Páxina 1 de 4
Expediente 69/142	CSV: 2AEB8H-4EE555-AD5D24-9LGEUW-M5JHKR-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente 69/142

c) Orzamento do ano 2021.

En cumprimento do previsto no artigo 168 do TRLRFL, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, aos efectos de incluír o Orzamento das Fundacións dependentes do Concello como un ANEXO nos orzamentos que tramita a Entidade matriz para o ano (n+1), con data límite 15 de setembro do ano (n), teñen que remitir o proxecto de orzamento ou o denominado Plan de investimento e financiamento (PAIF) para o ano (n+1).

CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE ESTABILIDADE E REGRA DE GASTO

Ao igual que acontece para o PMP e MOROSIDADE, o cumprimento das regras fiscais de Estabilidade orzamentaria e da Regra de Gasto, afectan ao Grupo do perímetro de consolidación, polo que deberán tramitar e executar os orzamentos sempre dentro dos termos fixados anualmente polo MINHAC e aprobados polas Cortes Xerais.

Estabilidade orzamentaria

En cumprimento do previsto no artigo 11, da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das Administracións Públicas e demais entidades que forman parte do sector público someterase ao principio de estabilidade orzamentaria.

\sum (ingresos non financeiros) \geq \sum (gastos non financeiros: aprovisionamentos, persoal, outros gastos de actividade), é dicir, que os ingresos non financeiros sexan \geq que os gastos non financeiros.

O obxectivo anual para o subsector local, é o de equilibrio ou superávit.

Este obxectivo require que con carácter trimestral se avalíe a situación por si fose necesario ralentizar o gasto en relación co incumprimento das previsións de ingreso.

En termos de ingreso non financeiro, computan os ingresos pola actividade propia e as achegas e doazóns recibidas.

Nos gastos non financeiros, computan: Gastos de persoal, outros gastos de actividade, aprovisionamentos (signo negativo) e os gastos financeiros.

Regra de gasto

A variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española (TRCPIB).

Normas para a formación do orzamento do ano 2020 2



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/11/2020 10:38

Páxina 2 de 4

Expediente 69/142

CSV: 2AEB8H-4EE555-AD5D24-9LGEUW-M5JHKR-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente 69/142

Gasto computable = \sum (gastos de aprovisionamentos, persoal, outros gastos de actividade. Non computan as amortizacións nin o deterioro por enaxenacións do inmovilizado) .

Non computan os gastos financiados con enaxenacións de bens.

Entenderase por gasto computable aos efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento.

Para a fixación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública do conxunto da Administración do Estado, Comunidades Autónomas e de Entidades locais, seguindo o procedemento previsto na Lei, o acordo do Consello de Ministros de 11 de febreiro de 2020 establece os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública referidos ao período 2021-2023.

Este acordo foi adoptado antes da situación xerada pola COVID 19, a esta data non se dispoñen de outros, polo que, reproducése o acordo.

Para o ano 2021, o crecemento do gasto computable por operacións non financeiras, NON PODERÁ SER SUPERIOR ao 3% sobre a liquidación do gasto computable da liquidación do ano 2020.

Nos gastos non financeiros, computan: aprovisionamentos, gastos de persoal, outros gastos de actividade e aprovisionamentos (signo negativo).

Aos efectos informativos, sobre a previsión de liquidación enviada ao MINHAC para o ano 2020, aplícase a **TRCPIB₂₀₂₁**, sendo ésta a previsión máxima de gasto para o ano 2021.

Na Fundación MARCO, non computa a subvención de capital, por tratarse de un fondo finalista, polo que non se toma en conta aos efectos de liquidación do gasto non financeiro.

	TRCPIB ₂₀₂₁	Gasto non financeiro computable		
		MARCO	C.BUREAU	FAIMEVI
Liquidación prevista		872.648,97	477.000,00	Sin presuposto
Orzamento máximo		898.828,44	491.310,00	0

Calquera variación do gasto previsto superior a estes límites, ten que ser autorizado pola Entidade matriz.

En relación coa variación das TRCPIB, as alteracións anuais serán obxecto de comunicación.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2020 10:38	Páxina 3 de 4
	Expediente 69/142	CSV: 2AEB8H-4EE555-AD5D24-9LGEUW-M5JHKR-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente 69/142

En todo caso, a variación á alza do Orzamento de gastos ten que estar sustentada nun aumento efectivo dos recursos.

Calquera dúbida que xurda en relación cos requirimentos, deberán pórse en contacto coa Entidade.

Actualización dos Gastos de persoal

(Gastos de Persoal).

Sobre as previsións actuais, considérase que a variación nas retribucións do persoal non experimentarán crecemento algún no ano 2021, si se tivese algunha alteración en relación coas retribucións do persoal ao servizo do sector público, faríase a preceptiva comunicación.

En Vigo á data da sinatura electrónica.

O Tesoureiro e Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Álvarez

CONFORME: O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

Delegación de 18 e 26 de xuño de 2019.

